



ÍNDICE

1.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO	1
1.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	1
1.1.1.	CAMIÑO PARGA-BOIMORTO-A LAVACOLLA.....	1
1.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	1
1.2.1.	O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA	1
1.2.2.	PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO.....	3
2.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL.....	4
3.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	4
4.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	5
5.	ANEXO FOTOGRÁFICO	6
6.	ANEXO PLANOS.....	14

1. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

1.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O trazado do Camiño do Norte no concello de O Pino atravesa as parroquias de San Estevo de Medín, Santa María de Gonzar, San Vicente do Pino e Santa María de Castrofeito

1.1.1. CAMIÑO PARGA-BOIMORTO-A LAVACOLLA

Tramo Monte do Vilar – Gonzar, Santo André

O Camiño de Santiago do Norte entra no concello do O Pino polo Monte do Vilar, seguindo o trazado dunha pista que vai paralela ao Regato dos Homes. Mil cincocentos metros despois de entrar no termo municipal o camiño chega ao núcleo de O Couto Pequeno, e continúa pasando polos lugares de Cerdeira e Cimadevila. Tras cruzar estes núcleos pasa sobre un regato e continúa por unha pista de concentración parcelaria na zona chamada Lugar do Río, ao sur do Monte de Medín. Un quilómetro despois de Cimadevila o trazado vai por unha pista que ven do sueste, tamén modificada pola concentración parcelaria. Pasa ao sur do lugar de San Gregorio, e segue polo norte de Amarelle e Gonzár ata chegar ao lugar de Santandré, pasando xunto á capela de San Andrés.

Tramo Gonzar, Santo André – Santiso (límite co concello de Santiago)

Cen metros mais adiante o trazado continúa pola vía de servizo da estrada N-634, seguindo o seu trazado durante oito quilómetros, ata chegar ao núcleo de Santiso. Cincocentos metros mais adiante de Santa André o camiño pasa polo núcleo de A Bugalleira e un quilómetro e medio despois pasa xunto á Ponte Puñide, unha pequena ponte de orixe romana que atravesa o río Mera. Despois de pasar o núcleo de A Terroeira, o camiño atravesa as zonas chamadas A Toxeira, Campo da Pena e Pena Vieiro, ocupadas por densas explotacións forestais.

En Santiso o camiño desvíase da estrada cara ao norte para rodear o núcleo, deixando ao sur o castro chamado A Roda de Castrofeito, e ao norte o xacemento romano de Agra de Santiso. O camiño volve á estrada N-634 ao este do monte chamado Millario, un topónimo de fonda vinculación co camiño. Os últimos setecentos metros do tránsito do camiño polo concello de O Pino transcorren pola vía de servizo situada á dereita da calzada no sentido da peregrinación. Ao final deste treito o camiño chega ao concello de Santiago.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO

A proposta de trazado do camiño parte das informacións históricas sobre as rutas utilizados polos peregrinos que arribaban aos portos cantábricos e seguían o camiño a pé cara a Santiago de Compostela. Entre as varias descrições do camiño realizadas por peregrinos a través da historia a que refire con maior detalle o trazado do camiño Norte é a realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq, que fixo a súa viaxe a Santiago no ano 1790. No seu texto se indica o paso polos seguintes lugares identificables na cartografía histórica: Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba, Parga, Grixalba, San Bartolomé de la Mota e Sta. Igrexa (quizá unha referencia as dúas igrexas de Sabugueira xunto a A Lavacolla). As referencias ás edificacións e outros elementos vinculados ao camiño, como poden ser os hospitais de peregrinos establecidos ao longo do seu percorrido, serven para establecer e corroborar o seu trazado. Do mesmo xeito a relación co fenómeno da peregrinación dalgúns topónimos e microtopónimos permiten confirmar zonas e puntos de paso do camiño.

Para a definición da traza pátense da análise da cartografía histórica, sobre a que é posible identificar os antigos camiños reais, cuxo trazado pódese considerar herdeiro do dos antigos camiños de longo percorrido utilizados dende finais da Idade Media.

Nun seguinte paso realizase aproximación mais precisa, buscando a identificación dos trazados históricos no viario aínda existente na actualidade. Isto realizase mediante o estudo das fotografías aéreas do voo dos anos 1956-57 (Voo Americano) e a súa comparación cas fotografías aéreas actuais e os planos catastrais actuais e históricos, nos que é posible identificar camiños perdidos que seguen sendo de propiedade pública ou formas do parcelario que denotan a presenza de antigos trazados.

A delimitación definitiva da traza levase a cabo trala comprobación sobre o terreo das hipótese formuladas con anterioridade. Para isto levouse a cabo unha intensa labor de traballo de campo, que inclúe a documentación fotográfica do territorio que percorre o camiño e a recompilación de testemuñas dos veciños dos lugares da súa contorna, mediante metodoloxía etnográfica.

1.2.1. O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA

Os referentes principais para a definición do trazado dos camiños polos que transcorría o Camiño Norte dende a idade Moderna son a Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán, do ano 1845 e os planos provinciais de Lugo e A Coruña de Pascual Madoz dos anos 1864 e 1865 respectivamente. Nestes planos recóllense con precisión os camiños que no tempo de Fontán aínda atopábanse en uso e que en liñas xerais coincidirían cos trazados dos camiños fixados dende finais da Idade Media.

Como documento anterior á Carta de Domingo Fontán que contribúe a corroborar a validez dos planos antes, aínda que cunha precisión moito menor, cabe sinalar o Plano de Galicia realizado por José Cornide.

Outro plano histórico de interese para a definición deste tramo do camiño e o de Tomás López do ano 1784, que aínda que se trata de dun traballo de gabinete baseado en informacións procedentes de diversas fontes, entre elas José Cornide, ven a corroborar e a matizar as informacións aportadas por outros autores.

Unha fonte de gran interese para a definición do trazado do camiño nesta zona é a que figura na descrición da viaxe realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq no ano 1790. Nela sinala un trazado que pasaba por Ribadeo, Mondoñedo e Vilalba e que continuaba pasando por Parga, Grixalba (Concello de Sobrado) e San Barolomé de la Mota, unha ermida situada no límite entre os concellos de Arzúa e Boimorto, no treito entre Boimorto e As Cinco Calles.

Mapa del Reino de Galicia de José Cornide (1762)

No Mapa do Reino de Galicia de José Cornide se representa maneira xeral a totalidade do trazado do Camiño Norte entre Ribadeo e Santiago de Compostela, o que permite completala parte do camiño que non figura no Plano do Bispado de Mondoñedo, do mesmo autor.

Neste plano o camiño que viña de Mondoñedo e Vilalba se cruza co camiño de Lugo a Betanzos a altura de Baamonde, tras cruzar o río Parga o trazado pasa por Parga, Présaras e Boimorto. Entre Boimorto e Santiago os puntos de paso e a localización das parroquias sinaladas son imprecisas. Ao leste de Boimorto aparece sinalando un santuario que probablemente se trate da ermida da Mota, ao lado do símbolo aparece o nome Benbejo, debaixo deste figura a referencia á parroquia de Calvos (San Martiño de Calvos de Sobrecamiño), a continuación aparecen os topónimos de Oines (actual Oíns), Medín, Carballal (Lamas de Carballal) e Sabugueira (San Paio de Sabugueira, A Lavacolla), sinalando mais que puntos de paso precisos o territorio polo que atravesa o camiño.




Mapa del Reino de Galicia de José Cornide (1762)

Mapa Xeográfico do Reino de Galicia de Tomás López (1784)

O Mapa de Tomás López sinala o camiño real que unía Sobrado dos Monxes con Santiago pasando por Boimorto e o camiño que unía Présaras con Boimorto. Neste mapa non se recolle o camiño que lles daba continuidade cara ao norte unindo estes puntos con Parga e Baamonde, para conectalos cos camiños que pasando por Vilalba e Mondoñedo viña de Ribadeo e Abres.

As referencias entre Boimorto e Santiago son, ao igual que no plano de Cornide bastante imprecisas na súa localización. As referencias son Sendelle (Santa María de Sendelle), ao sur do trazado, Pastor, Benbejo, polo sinalado no plano de Cornide pode referirse á ermida da Mota, Campo, San Esteban, S. Gregorio (Ermida de San Gregorio), Oynes (Oíns), Medín, Gonzar, César (Santa María de César, bastante mais ao noroeste), Villar, Castrofeyto (Castrofeito)S. Marcos e Sabugueyra (San Paio de Sabugueira, A Lavacolla).




Mapa Xeográfico do Reino de Galicia de Tomás López (1784)

Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

O trazado que pasaba polo actual termo municipal de Arzúa formaba parte do camiño que unía Puebla de Parga con Santiago, pasando por Boimil, lugar no que se unía co camiño que viña de Sobrado.

O camiño que saía de Puebla de Parga, que era continuación do que viña de Baamonde pola Ponte de San Alberto, pasaba polo leste de Vilar e Torquedo e seguía por Castiñeiro, Grijalva e Las Cruces. Tras deixar ao oeste Vilariño, cruzaba o río Tambre pola ponte de San Pedro, e continuaba ao oeste de Folgoso ata chegar a Boimil lugar no que uníase co camiño que comunicaba Santiago con Sobrado.

O trazado seguía por este camiño en dirección a Santiago pasando por Boimorto. San Bartomomé de la Mota, xa dentro dos límites de Arzúa, e Las cinco Calles, para abandonar de novo o concello algo mais adiante. A continuación pasaba al norte de Oíns e Gonzar, cruzaba o río Mera pola ponte Punin (Ponte Puñide) xunto ao cal figura o topónimo de Albarda. Seguía por Santiso, ao norte de Castrofeito, ata chegar a Sabugueira, se indica entre paréntesis igrexa antiga, e a Labacolla (Iglesia Nueva) onde se unía ao Camiño Francés.




Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Plano de la provincia de A Coruña de Francisco Coello y Pascual Madoz (1865)

O trazado recollido neste plano é moi similar ao que figura na Carta de Domingo Fontán. Tras atravesar a Serra da Cova da Serpe, o camiño que ven de Parga pasa por Grijalva, cruza o río Mandeo e a continuación atravesa Las Cruces de Sobrado. Vai polo sueste de Vilariño e Présaras, e ao norte de Folgoso. Pasa pola contorna de Boimil e atravesa Boimorto, para atravesar o límite municipal ao sur de Mercurín.

O trazado continúa polo concello de Arzúa pasando xunto á Capela de San Bartolomé de la Mota. A continuación pasa polos lugares de Cinco Calles, Medín, San Gregorio e San Andrés (Santandré). Entre este último núcleo e Cinco Calles figura un trazado alternativo que vai mais ao sur, mais próximo a Oíns e Gonzar. Despois de San Andrés o camiño cruza o río Mera pola ponte de Punin (A Ponte Puñide). A continuación pasa por Santiso e ao norte de Castrofeito. Prosegue próximo a Casas de Amarelle, e por último cruza Sabugueiro (Iglesia Antigua) e La Bacolla (Iglesia Nueva), lugar no que se produce a confluencia co Camiño Francés.




Montaxe dos planos das provincias de A Coruña e Lugo de Francisco Coello e Pascual Madoz (1864)

1.2.2. PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO

Trazado Boimorto – A Lavacolla

O trazado do Camiño Norte sinalizado na actualidade pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo non chega ata Santiago de Compostela, senón que se desvía en Boimorto cara ao sur, para unirse en Arzúa co Camiño Francés e seguir por esta ruta ata Santiago. Non obstante tanto os datos e a cartografía histórica sinalan que a ruta entre Ribadeo e Santiago tratábase dun trazado totalmente independente. Na proposta completase este trazado incluíndo o tramo do camiño que unía Boimorto con Santiago pasando polas parroquias de Santiago de Boimorto, Santa María de Sendelle e San Xoán de Mercurín, no concello de Boimorto; San Estevo do Campo, San Martiño de Calvados de Sobrecamiño, San Cosme de Oíns, no concello de Arzúa; Santo Estevo de Medín, Santa María de Gonzar, San Vicente de O Pino e Santa María de Castrofeito, no concello de O Pino.

Atendendo ao grado de consolidación que o trazado sinalizado entre Boimorto e Arzúa ten na actualidade incorpórase como trazado do camiño.




Variación do trazado do Camiño entre Boimorto e A Lavacolla

- Trazado do Camiño —
- Trazado da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo mantido como trazado do ata Arzúa. —
- Trazado Camiño Francés —


2. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidade das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño no Concello de O Pino



3. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago Norte baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno máis próximo. Os valos e noiros que definen os seus límites; a vexetación vinculada ao Camiño: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socialcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, palleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor relacionado coa traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediato ao Camiño e das vistas sobre a paisaxe máis afastado.

Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do Camiño dun ancho mínimo de cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. A delimitación pode verse incrementada para englobalas áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño, as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa ou que se atopan na súa contorna inmediata, e para incrementar a protección de determinadas zonas de interese ambiental, natural ou paisaxístico. Puntualmente en función das características do parcelario ou das edificacións situadas á beira do camiño a delimitación do ámbito de protección pode ter zonas máis estreitas, pero estas sempre terán un ancho superior ao da franxa de trinta metros de protección do contorno definida pola Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago.

Co obxecto de que o perímetro do ámbito do territorio histórico sexa identificable de xeito sinxelo sobre o terreo, este sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilízanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de O Pino o ámbito do territorio histórico abrangue partes do territorio das parroquias polas que pasa o Camiño: San Estevo de Medín, Santa María de Gonzar, San Vicente do Pino e Santa María de Castrofeito.

Tramo Monte do Vilar – Gonzar, Santo André

Entre o límite co concello de Arzúa, no Monte do Vilar e o núcleo de O Couto Pequeno o trazado vai por unha pista de terra, entre fincas dedicadas ao cultivo do eucalipto. O ámbito do territorio histórico limitase ás parcelas situadas xunto ao camiño, co obxecto de preservar as súas condicións rústicas e de manter as vistas que se abren puntualmente sobre a paisaxe afastada.

Ao paso do camiño polos núcleos de O Couto Pequeno, Cerdeiras e Cimadevila, o ámbito de protección amplía a súa extensión co obxecto de incorporar a totalidade das súas edificacións e os agros que as rodean.

Entre Cerdeiras e Amarelle, o trazado vai por unha pista asfaltada entre terreos de concentración parcelaria dedicados en gran medida á plantación de eucaliptos. No ámbito de protección de este treito se inclúen as edificacións do lugar de San Gregorio, e as dúas medorras situadas douscentos metros máis adiante, ao sur do camiño.

Nas proximidades de Amarelle as plantacións de eucalipto dan paso aos terreos de cultivo. Nesta zona a delimitación vese incrementada para incorporar a zona máis próxima ao camiño do núcleo de Amarelle e os núcleos de Gonzar e Santo André.

Tramo Gonzar, Santo André – Santiso (límite co concello de Santiago)

Entre Santo André e o límite co concello de Santiago, nas proximidades do aeroporto de Lavacolla, o trazado segue o da estrada N-634. O trazado vai en practicamente na totalidade do tramo pola vía de servizo situada a beira da estrada, primeiro pola da súa esquerda e despois pola da dereita. A paisaxe caracterízase polas explotacións forestais, principalmente de eucaliptos, e pola forte presenza da estrada nacional.

No entronque ca estrada a delimitación engloba varias masas de arborado autóctono e as edificacións do núcleo de A Bugalleira. Neste treito inclúese dentro da delimitación o Túmulo de Pumariño.

Na Ponte Puñide a delimitación vese incrementada para incorporar o tramo do río Mera sobre o que cruza a ponte de orixe romana. A delimitación inclúe así mesmo as casas que conforman o núcleo. Quedan, de mesmo xeito, dentro do ámbito de protección os núcleos de A Tarroeira e Agra de Abaixo.

Un quilómetro e medio despois de pasar A Tarroeira a delimitación engloba o ámbito de protección do Castro de Bermás de Arriba.

Á altura do cruce coa pista que leva ao núcleo de Samil o trazado cruza a estrada e segue pola vía de servizo do lado dereito. A paisaxe nesta zona caracterízase polas plantacións de eucaliptos que cerran ás vistas laterais dende o camiño.

En Santiso a delimitación vese incrementada para incorporar ao ámbito de protección as construcións do núcleo, ao norte do trazado, e o perímetro de respecto do castro de A Roda, ao sur. Do mesmo xeito inclúese tamén o núcleo de A Igrexa, Santa María de Castrofeito, situado ao sur do castro.

No entronque con Camiño Francés a delimitación incorpora as edificacións situadas aos lados da estrada N-634 nos lugares denominados Amarelle e As Quintas.

4. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
O Muíño da Pena.	O Pino	O Pino (San Vicente)	Muíño	554112	4755447
A Medorra 1	Gonzar	Gonzar (Santa María)	Túmulo/Mámoa	557431	4757163
A Medorra 2	Gonzar	Gonzar (Santa María)	Túmulo/Mámoa	557509	4757148
Túmulo de Pumariño	Gonzar	Gonzar (Santa María)	Túmulo/Mámoa	554857	4755839
Capela de San Andrés.	Gonzar	Gonzar (Santa María)	Relixiosa	555993	4756663
Escola Rural de A Bugalleira.	Gonzar	Gonzar (Santa María)	Civil	555374	4756407
Fonte en Santo André.	Gonzar	Gonzar (Santa María)	Fonte	555972	4756652
Ponte antiga do río Mera/ Ponte Puñide	Gonzar	Gonzar (Santa María)	Ponte/Pontella	554312	4755503
A Roda	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Castro	549058	4752420
O Castro de Bermás de Arriba	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Castro	552340	4754026
Igrexa Parroquial de Santa María de Castrofeito.	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Relixiosa	549147	4752235
Capela de San Tirso.	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Relixiosa	548733	4752849
Casa con Pombal en A Igrexa.	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Casa tradicional	549096	4752231
Cruz de Madeira en A Igrexa.	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Cruceiro	549151	4752335
Hórreo en A Igrexa.	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Hórreo	549221	4752391
Pombal en A Igrexa.	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Outros	549199	4752417
Agra de Santiso	Castrofeito	Castrofeito (Santa María)	Villa/Vila	548626	4752980

5. ANEXO FOTOGRÁFICO

Tramo: Monte do Vilar –
Gonzar, Santo André



CNCA1501001.JPG



CNCA1501002.JPG



CNCA1501003.JPG



CNCA1501004.JPG



CNCA1501005.JPG



CNCA1501006.JPG



CNCA1501007.JPG



CNCA1501008.JPG



CNCA1501009.JPG



CNCA1501010.JPG



CNCA1501011.JPG



CNCA1501012.JPG



CNCA1501013.JPG



CNCA1501014.JPG



CNCA1501015.JPG



CNCA1501016.JPG



CNCA1501017.JPG



CNCA1501018.JPG



CNCA1501019.JPG



CNCA1501020.JPG



CNCA1501021.JPG



CNCA1501022.JPG



CNCA1501023.JPG



CNCA1501024.JPG



CNCA1501025.JPG



CNCA1501026.JPG



CNCA1501027.JPG



CNCA1501028.JPG



CNCA1502001.JPG



CNCA1502002.JPG



CNCA1502003.JPG



CNCA1502004.JPG



CNCA1502005.JPG



CNCA1502006.JPG



CNCA1502007.JPG



CNCA1502008.JPG



CNCA1502009.JPG



CNCA1502010.JPG



CNCA1502011.JPG



CNCA1503001.JPG



CNCA1503002.JPG



CNCA1504004.JPG



CNCA1505004.JPG



CNCA1505008.JPG



CNCA1505012.JPG



CNCA1504001.JPG



CNCA1505001.JPG



CNCA1505005.JPG



CNCA1505009.JPG



CNCA1505013.JPG



CNCA1504002.JPG



CNCA1505002.JPG



CNCA1505006.JPG



CNCA1505010.JPG



CNCA1505014.JPG



CNCA1504003.JPG



CNCA1505003.JPG



CNCA1505007.JPG



CNCA1505011.JPG



CNCA1505015.JPG

Tramo: Gonzar, Santo André –
Santiso (límite co concello de Santiago)



CNCA1505016.JPG



CNCA1505017.JPG



CNCA1505018.JPG



CNCA1505019.JPG



CNCA1505020.JPG



CNCA1505021.JPG



CNCA1505022.JPG



CNCA1505023.JPG



CNCA1505024.JPG



CNCA1505025.JPG



CNCA1505026.JPG



CNCA1505027.JPG



CNCA1505028.JPG



CNCA1505029.JPG



CNCA1505030.JPG



CNCA1505031.JPG



CNCA1505032.JPG



CNCA1505033.JPG



CNCA1505034.JPG



CNCA1505035.JPG



CNCA1505036.JPG



CNCA1505037.JPG



CNCA1505038.JPG



CNCA1505039.JPG



CNCA1505040.JPG



CNCA1505041.JPG



CNCA1505042.JPG



CNCA1505043.JPG



CNCA1505044.JPG



CNCA1505045.JPG



CNCA1505046.JPG



CNCA1505047.JPG



CNCA1505048.JPG



CNCA1505049.JPG



CNCA1505050.JPG



CNCA1505051.JPG



CNCA1505052.JPG



CNCA1505053.JPG



CNCA1505054.JPG



CNCA1505055.JPG



CNCA1505056.JPG



CNCA1505057.JPG



CNCA1505058.JPG



CNCA1505059.JPG



CNCA1505060.JPG



CNCA1505061.JPG



CNCA1505062.JPG



CNCA1505063.JPG



CNCA1505064.JPG



CNCA1505065.JPG



CNCA1505066.JPG



CNCA1505067.JPG



CNCA1505068.JPG



CNCA1505069.JPG



CNCA1505070.JPG



CNCA1505071.JPG



CNCA1506001.JPG



CNCA1506002.JPG



CNCA1506003.JPG



CNCA1507001.JPG



CNCA1508001.JPG



CNCA1508002.JPG



CNCA1508003.JPG



CNCA1508004.JPG



CNCA1508005.JPG



CNCA1508006.JPG



CNCA1509001.JPG



CNCA1509002.JPG



CNCA1509003.JPG



CNCA1509004.JPG



CNCA1509005.JPG

6. ANEXO PLANOS